

Dios, Caín ou Magdalena, personaxes que «alegraban ou amargaban o día»

► A revista oral do San Froilán, dedicada este ano a persoas singulares, recuperou figuras populares, como o Galo Quirico, os Fazai, a maleteira Mercediñas ou a 'bolsillera' Marujiña

c.u.

LUGO. A revista oral do San Froilán, que se celebra dende hai oito anos por iniciativa da sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritores en Lingua Galega e en cada edición gaña seguidores, recuperou este ano personaxes singulares de Lugo «que che podían alegrar ou amargar o día», como resumiu Orestes Currás para referirse a José Luis Real, 'Dios', que abordaba á xente pola rúa co seu «discurso metralleta» e «de certa xenialidade».

Ante o auditorio que se citou no Vello Cárcere, Currás lembrou como o socialista Ricardo Varela saíu branco do despacho despois de escoitar a Dios, que consideraba que o planeta estaba en grave risco porque a extracción de petróleo provocara que a terra perdera «o seu peso específico» e «desplomárase da súa órbita» ou que as ferramentas de carpintería de Xesucristo estaban enterradas debaixo do Mesón de Alberto.

Currás e o resto de participantes achegáronse a estes e outros personaxes, algúns deles con algún tipo de desequilibrio mental, dende o respecto e coa única fin de gozar de personalidades singulares.

A xornalista Enma Alonso lembrou as agrias polémicas entre o Galo Quirico e o castañeiro Lombao. Delas dába conta este xornal e a consecuencia era que Quirico esperaba os redactores —como o pai de Alonso— á porta para berralles: «Querella criminal!». Alonso tamén falou da Magdalena, que andaba sen roupa interior e levantaba a saia ao paso dos homes, berráballes «¡puta!» ás mulleres e mexaba de pé; de maleteiras como



Participantes na revista oral das festas, con Lois Pérez intervindo. SEBAS SENANDE

Mercediñas e a vella do Roquete, e de Luis 'Leriele', que non perdía un enterro nin un acto social.

O escritor Xosé Miranda centrouse en Caín, cuxo nome «xa era identificativo». Nos últimos anos do franquismo e na transición, este home paseaba por Lugo con vestimenta «de tipo militar ou paramilitar, con boina e moi-

tas medallas». Levaba, ademais, unha radiocasete con marchas militares e o 'Cara al sol'. «Estaba absolutamente identificado co réxime. Unha vez entrou nun bar, convidárono a tomar unha Estrella Galicia e respondeu: Yo solo Águila Imperial».

A revista oral, titulada 'Xente daquela maneira', abarcou «historias de fatos, malpocados, aludados, trasladados, falsarios, estafadores, impostores e carteiristas». O xornalista Paco Nieto botou man da memoria, de testemuños orais e da hemeroteca de El Progreso para recordar os Fazais, xenérico co que nunha época se identificou aos carteiristas en Lugo pola fama

de trileiro que acadara un veciño dese lugar próximo a Lugo. Nieto referiuse a un policía local que era o terror das leiteiras, con fama de delinquentes porque algunhas agaban o leite, e á 'bolsillera' Marujiña, entre outros personaxes.

Na categoría de malpocado entraría Manuel de Vilarín, un home da Fonsagrada do que falou Marcelo Castro, funcionario da Xunta que traballou alí. Tentou suicidarse varias veces e nunha ocasión acabou invitando a cear aos veciños que o salvaron. Díxolles: «Non vos matedes por ninguén, que non merece a pena, eu non me volvo matar por ninguén». Non o cumpríu.

«A Caín invitárono a tomar unha Estrella Galicia e respondeu que el só tomaba Águila Imperial», contou Xosé Miranda